

## **NOTA DE PRENSA**

# **O Colexio de Psicoloxía presenta "Cambios na fala, cambios na mente", un proxecto contra os estereotipos da vellez**

---

*Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.* O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presenta este sábado 24 o proxecto "Cambios na fala, cambios na mente", co que se pretende sensibilizar sobre os estereotipos perpetuados respecto ás persoas maiores e modificar estas formas de referilos. A presentación será no Centro Sociocultural de Santa Marta ás 13 horas (Rúa Antonio Rama Seoane 6, Santiago de Compostela) e estará aberta aos medios de comunicación.

Esta campaña consta dun material gráfico que estará á disposición dos colexiados e colexiadas para poder traballar estes prexuízos, especialmente dirixidos a persoas que pola súa actividade profesional, interveñen con persoas maiores. O material foi elaborado polas psicólogas Mercedes Lijó Reboiras e Encarna Álvarez Gallego, e con el queren poñer de manifesto a necesidade de concienciar e de crear alternativas á forma de falar cando nos referimos ao amplo colectivo de xente maior.

Dado que mediante a fala se expresa o pensamento, cómpre varia a linguaxe para mudar as ideas, co que elaboraron unha serie de mensaxes que pretenden modificar o imaxinario colectivo, que no caso das persoas maiores, consta de moitas ideas preconcebidas e negativas de como deben de comportarse e como ten que ser o seu estilo de vida.

Expresións tan cotiás como "Son como nenos!" ou "Que ben ten conservas para os anos que tes", son exemplos frecuentes dunha linguaxe paternalista e infantil ou do desprezo cara a unha idade respecto a outras, que están interiorizadas e que se reproducen sen caer na conta das connotacións que implican. Cómpre adestrar a fala dunha maneira máis integradora especialmente entre o colectivo de profesionais que traballan coas persoas maiores, xa que a linguaxe é unha ferramenta fundamental.

Previamente a esta presentación, desenvolverase un obradoiro impartido por unha das autoras do proxecto "Cambios na fala, cambios na mente", Encarna Á. Gallego, que abordará de xeito práctico como poñer en acción cambios nos prexuízos de interrelación con persoas maiores. Actualmente traballa como técnica de xestión e atención xerontolóxica no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

**Saúdos,**

Se desexas **ampliar a información ou para solicitar entrevistas**, contacta co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:



Eliana Martíns  
981 534 049 / 699 908 968  
[comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)

Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela

[www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)